

VIEIROS

Edición xeral

CELANOVA PROTAGONIZA UN CURSO SOBRE ADAPTACIÓN CINEMATOGRÁFICA

A relación entre o cine a literatura galega a través de Carlos Casares

A [Universidade de Vigo](#) promove, en Celanova, un curso de verán sobre a relación entre a literatura galega e o cine partindo da obra de [Carlos Casares](#). O encontro desenvólvese dende hoxe ata o xoves 15 e nel, ademais da celebración de mesas redondas sobre a adaptación cinematográfica de diversas obras de Casares, proxectaranse os filmes *O lapis do Carpinteiro*, *A lingua das bolboretas*, *Romasanta*, *Santa Liberdade*, *Caderno de viaxe* e *O ano da carracha*.

- 16:18 13/07/2004

Nas mesas redondas deste curso de verán da universidade viguesa respostarase a cuestións como o xeito de afrontar *Ilustrísima* en imaxes ou se existe produto audiovisual a partir da obra de Casares. Nas xornadas participarán, entre outros, Antón Reixa e Manuel Rivas, director do filme e autor da novela *O lapis do carpinteiro*, respectivamente, José Luis Cuerda (*A lingua das bolboretas*), Alfredo Conde, autor de *Romasanta*, Margarita Ledo (*Santa Liberdade*) ou o produtor Pancho Casal ([Continental](#)).

Este encontro diríxeo o historiador do cine Miguel Anxo Fernández e na súa organización colaboran, ademais da Universidade de Vigo, as fundacións [Carlos Casares](#) e Curros Enríquez e o [concello de Celanova](#).